



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000-18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA, TREITO 0+000-9+400

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de marzo de 2025

Lugo, 24 de febreiro de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3138

Término municipal de:	
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
130CO; 128CO	VARELA JUL MARÍA PAZ	RAMÓN Y CAJAL, 5-BAIXO. 27220 FRIOL (LUGO)

R. 0524

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)

Termo municipal: SOBER

Clave: LU/23/103.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 6 de marzo de 2025

Lugo, 24 de febreiro de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

**CONCELLO DE SOBER****INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras do****“GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)” para Pagos de Depósitos Previos****CLAVE LU/23/103.06**

<b>PROPIETARIO</b>		<b>PREDIOS</b>
ALVAREZ ALVAREZ	CONCEPCION	3
RODRIGUEZ ALVAREZ	ANTONIO	
VAZQUEZ PIÑEIRO	CARMEN	
LG DOADE - PQ DOADE 11	SOBER 27424	
ALVAREZ DIAZ	MANUELA	11
LGAR. DOADE 48	SOBER 27424	
ALVAREZ QUIROGA	FLORENTINA	15
SOTO ALVAREZ	MARIA JESUS	
LG CHAO, O - PQ DOADE 1	SOBER 27422	
EN INVESTIGACION		8
RUA DO TEATRO Nº4	LUGO 27001	
LOPEZ FERNANDEZ	DOMINGO	1
DIAZ RODRIGUEZ	NIEVES	
LG DOADE - PQ DOADE 20	SOBER 27424	
LOPEZ FERNANDEZ	DOMINGO	2, 4
LG DOADE - PQ DOADE 20	SOBER 27424	
LOPEZ LOPEZ	NARCISO	17
LOPEZ DIEGUEZ	DAMASO (HROS DE)	
LOPEZ DIEGUEZ	DOLORES	
CL BENITO VICETTO 61 P06H	MONFORTE DE LEMOS 27400	
MARCOS PEREZ	CONCEPCION (HROS. DE)	9
CL MARQUES CASA VALDES 81 PI:01 Pt:D	GIJON 33202	
PEREZ DIAZ	FIDEL (HROS. DE)	5, 12
LG DOADE 56	SOBER 27425	
PEREZ LOPEZ	CARLOS	6
LG MAMUELA - PQ DOADE 2	SOBER 27422	
PEREZ VAZQUEZ	FRUCTUOSA (HROS. DE)	7
LG DOADE 40	SOBER 27424	
ROMERO MARCOS	MARIA ISABEL	13
CL MONTURIOL 40 Es:1 PI:04 Pt:02	BARCELONA 08018	

SOTO ALVAREZ BO CASAR 128 Es:1 Pl:00 Pt:01	MARIA JESUS MONFORTE DE LEMOS 27418	14
VAZQUEZ DIAZ LG DOADE	AMADOR (HROS. DE) SOBER 27424	16
VAZQUEZ DIAZ DIEZ JALON CL CIRERERS 15	ESTRELLA LINO SANT JOAN DESPI 08970	10

R. 0525

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

#### Anuncio

#### EDICTO

#### NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A POBRA DE BROLLÓN	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
BARALLA	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2024	Taxa subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
O INCIO	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
PARADELA	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
SOBER	2º-semester-2024	Taxa auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
SOBER	2º-semester-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
TRABADA	2º-semester-2024	Taxa servizo recollida de lixo, tratamento e eliminación

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 13 de febreiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

#### Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e

Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 28 de febreiro ata 28 de abril de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A POBRA DE BROLLÓN	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
BARALLA	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2024	Taxa subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
O INCIO	4º-trimestre-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
PARADELA	2º-semester-2024	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
SOBER	2º-semester-2024	Taxa auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
SOBER	2º-semester-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
TRABADA	2º-semester-2024	Taxa servizo recollida de lixo, tratamento e eliminación

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravien o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 13 de febreiro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 0446

## CONCELLOS

### BÓVEDA

#### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE 905/2024

Por acordo plenario adotado en sesión ordinaria do 24/02/2025, procedeuse á aprobación definitiva da nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Bóveda (Lugo).

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, en relación co o artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local,

aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación da mencionada RPT.

Contra o Acordo plenario, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Pleno do Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advirte que, se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor o interesado calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Bóveda, 24 de febreiro do 2025.- O Alcalde-Presidente, D. José Manuel Arias López.

### PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formac. Especif.	Observac.
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
001	Secretario/a-Interventor/a (en agrupación co Concello de O Incio, Lugo)	1	30	50.386,33€	S	C	AE	A1/A2	Habilitación Nacional	Secretaría Intervención	Licenciatura/ Diplomatura/Grao Universitario	-	-
002	Administrativo/a (Secretaría)	1	18	7.064,21 €		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/ Técnico	-	-
003	Administrativo/a (Intervención)	1	22	10.748,24€		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato/ Técnico	-	-
004	Administrativo/a (Sevizos Xerais)	1	18	7.064,21 €		C	AL	C1	Administración Xeral	Administrativa	Bacharelato /Técnico	-	-

### PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C.E.	FP	Grupo	Titulación académica	Formac. específica	Observac.
005	Auxiliar Administrativo/a	1	18	8.849,26 €	C	IV	Graduado en ESO	-	-
006	Animador/a Sociocultural	1	16	1.898,98 €	C	II	Diplomatura/Grao Universitario		
007	Traballador/a Social	1	16	7.861,79 €	C	II	Diplomatura/Grao Universitario	Traballo Social	-
008	Auxiliar Servizos Sociais	7	14	7.595,93 €	C	V	Sen requirimento de titulación	-	-
011	Director/a PAI	1	16	6.836,34 €	C	X	Técnico Superior	-	-
012	Auxiliar PAI	1	14	2.354,74 €	C	X	Técnico Superior	-	-
013	Técnico/a de mantemento	1	18	14.508,23 €	C	IV	Graduado en ESO	-	-
014	Operario/a de mantemento	1	14	9.836,73 €	C	V	Sen requirimento de titulación	-	-
015	AEDL	1	20	8.355,52 €	C	II	Diplomatura/Grao Universitario	-	-

### PERSOAL FUNCIONARIO

**Cód.:** Código do posto de traballo conforme se definiu na proposta de estrutura e na presente valoración de postos.

**Denominación do posto:** Denominación do posto de traballo.

**Dot.:** Número de dotacións de postos de traballo coas características descritas.

**C.D.:** Nivel de Complemento de Destino conforme se desprende da valoración do posto.

**C.E.:** Importe anual do Complemento Específico conforme se desprende da valoración do posto.

TP: Tipo de Posto; “S” se se trata dun posto singularizado e “N” noutro caso.

FP: Forma de Provisión; “C” se se trata de concurso; noutro caso, “L” para os postos de libre designación; “A” cando o posto sexa provisto por adscrición; “I” cando o posto, por ter encomendadas funcións expresamente calificadas de confianza o asesoramento especial, poderá ser desenvolvido indistintamente por persoal funcionario ou eventual provisto por libre designación.

ADM: Adscrición a Administracións Públicas; “AL” funcionarios propios da Administración Local; “AE” Administración do Estado; “A1” Administración do Estado e das Comunidades Autónomas; “A2” Administración do Estado e Local; “A3” Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e Local; “A4” outras adscricións aclaradas no apartado observacións.

Grupo: Adscrición a Grupos.

Escala: Adscrición a Escalas

Subescalas: Adscrición a Subescalas

Titulación académica: Titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo.

Formación específica: Outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte da académica.

Observacións: Comentarios e aclaracións a calquera dos aspectos anteriores ou non recollido nos apartados previos.

#### PERSOAL LABORAL

Cód.: Código do posto de traballo conforme se definiu na proposta de estrutura e na presente valoración de postos.

Denominación do posto: Denominación do posto de traballo.

Dot.: Número de dotacións de postos de traballo coas características descritas.

C.D.: Nivel de Complemento de Destino conforme se desprende da valoración do posto.

C.E.: Importe anual do Complemento Específico conforme se desprende da valoración do posto.

FP: Forma de Provisión; “C” se se trata de concurso; noutro caso, “L” para os postos de libre designación; “A” cando o posto sexa provisto por adscrición; “I” cando o posto, por ter encomendadas funcións expresamente calificadas de confianza ou asesoramento especial, poderá ser desenvolvido indistintamente por persoal funcionario ou eventual provisto por libre designación.

Grupo: Adscrición a Grupos.

Titulación académica: Titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo.

Formación específica: Outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte a académica.

Observacións: Comentarios e aclaracións a calquera dos aspectos anteriores ou non recollido nos apartados previos.

R. 0518

### Anuncio

#### EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA

*Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 1º trimestre do exercicio 2023.*

Por Resolución da Alcaldía, n.º: 2025-0120, de data 21/02/2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga, Rede de Sumidoiros, Recollida de Lixo e Canon da Auga, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 28 de febreiro de 2025 ao 28 de marzo de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 24 de febreiro do 2025.- O Alcalde-Presidente, D. José Manuel Arias López.

R. 0519

## QUIROGA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, mediante anuncio no BOP de Lugo nº 004, de data 7 de xaneiro de 2025 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, elévase a definitivo o acordo plenario provisional de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) do Concello de Quiroga, adoptado en sesión ordinaria o día 20 de decembro de 2024, cuxo texto faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos da súa entrada en vigor.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)**

O artigo 8 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Quiroga quedará redactado nos seguintes termos:

##### **“Artigo 8º.- Tipo de gravame e cota tributaria.-**

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

- a. Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,58 %.
- b. Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,50 %.
- c. Para todos os grupo de bens inmobles de características especiais o 1,3 %.”

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Quiroga, 24 de febreiro de 2025.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 0520

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DE ACREDITACIÓN CATASTRAL**

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, mediante anuncio no BOP de Lugo nº 004, de data 7 de xaneiro de 2025 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, elévase a definitivo o acordo plenario provisional de aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas de acreditación catastral do Concello de Quiroga, adoptado en sesión ordinaria o día 20 de decembro de 2024, cuxo texto faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos da súa entrada en vigor.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DE ACREDITACIÓN CATASTRAL.**

### **ARTIGO 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA**

O Concello, conforme co autorizado no artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, e de acordo co previsto no artigo 20 do Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), establece a taxa pola expedición de documentos administrativos relativos á acreditación catastral, que se regulará pola esta Ordenanza redactada conforme co disposto no artigo 16 do TRLRFL.

### **ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE**

1.Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolta con motivo da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos relacionados coa información catastral.

### **ARTIGO 3.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou nas que redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

### **ARTIGO 4.-RESPONSABLES**

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades, e entidades en xeral tal e como sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5.-BONIFICACIÓNS DA COTA**

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

### **ARTIGO 6.-COTA TRIBUTARIA**

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade estipulada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar conforme coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente do que se trate, desde o seu inicio ata a súa resolución final, inclusive a certificación e notificación do acordo recaído.

3. As cotas que resultan da aplicación das anteriores tarifas incrementaranse un 50 por cento cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen a percepción.

### **ARTIGO 7.-TARIFAS**

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase en función dos produtos que se obteñan segundo os epígrafes que se recollen no Anexo desta ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 8.-PERCEPCIÓN**

1.Percíbese a taxa e xorde a obriga a contribuír cando se presente a solicitude que indica a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

Os suxeitos pasivos ingresarán o importe desta taxa no momento da solicitude do servizo no Rexistro Xeral. Servirá de xustificante de ingreso a estampación mecánica no escrito de solicitude ou impreso de autoliquidación da taxa.

### **ARTIGO 9.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Todo o que se refire á clasificación de infraccións tributarias, así como tamén ás sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, aterase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2024, entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, comezando a aplicarse a partir da súa entrada en vigor.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



---

Quiroga, 24 de febreiro de 2025.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 0521

---

## VILALBA

### *Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as “**Bases do Certame de Microrrelatos Día do Libro 2025**”, que se aprobaron por decreto de alcaldía nº 193 o día **26/02/2025**, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten os seus relatos en lingua galega e conteñan a palabra libro.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica:

<http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 26 de febreiro de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0534

---

### *Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as “**Bases do LI Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2025**”, que se aprobaron por decreto de alcaldía nº194, o día **26/02/2025**, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica:

<http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 26 de febreiro de 2025.- Marta María Rouco Seoane.

R. 0535

---